



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 399

VII lexislatura

9 de agosto de 2007

## Fascículo 2

---

### SUMARIO

---

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

#### **1. Procedementos de natureza normativa**

##### **1.1 Leis e outras normas**

###### **1.1.1. Leis**

Corrección de erros na publicación da Lei pola que se modifica a Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia 61818

##### **1.2. Proxectos e proposicións de lei**

###### **1.2.1. Proxectos de lei**

Admisión a trámite a apertura do prazo de presentación de emendas

- 07/PL-0031 (22465)

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Proxecto de lei de ordenación da minaría de Galicia 61818

## 1. Procedementos de natureza normativa

### 1.1 Leis e outras normas

#### 1.1.1. Leis

#### **Corrección de erros na publicación da Lei pola que se modifica a Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia**

No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 394, do 23 de xullo de 2007, publicouse a Lei pola que se modifica a Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Advertido un erro no texto procédese a súa corrección nos seguintes termos:

Páxina 61519

Onde dí: "...en los apartados a), b), c), d) y, k) y l)..."

Debe dicir: "...en los apartados a), b), c), d) e), k) y l)..."

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2007

Juan Carlos Caride Puente

Letrado oficial maior

### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

#### 1.2.1. Proxectos de lei

#### **Admisión a trámite a apertura do prazo de presentación de emendas**

A Mesa do Parlamento, na reunión do 30 de xullo de 2007, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite:

- 07/PL-0031 (22465)

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Proxecto de lei de ordenación da minaría de Galicia

Examinado o devandito Proxecto, verificado que reúne a documentación e antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento

A Mesa, por unanimidade, acorda:

1º) Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo ordinario.

2º) Oír á Xunta de Portavoces para a súa asignación a comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*..

3º) Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para presentación de emendas que comezará a contar a partir do día 1 de setembro de 2007 e remata o día 18 de setembro de 2007.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2007

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.<sup>a</sup>




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19

RS/mv



22465

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de ordenación da minaría de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 21 de xuño de 2007.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co Visto e Prace do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

JOSÉ LUÍS MÉNDEZ ROMEU, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO  
CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e un de xuño de dous mil sete adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de ordenación da minaría de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.

E para que conste asino esta certificación, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela o vinte e un de xuño de dous mil sete.

Vº e Prace  
O PRESIDENTE



XUNTA DE GALICIA



**PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DA MINARÍA DE GALICIA**



## **PROXECTO DE LEI ==/==, DE ORDENACIÓN DA MINARÍA DE GALICIA**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A minaría é unha actividade económica cunha presenza relevante no tecido productivo de Galicia. A vontade de dotala dun marco xurídico actualizado, de acordo coas competencias autonómicas na materia, que permita unha configuración máis adecuada do sector no novo contexto fai necesaria a aprobación dunha Lei de Ordenación da Minaría de Galicia. O exercicio das competencias propias que se derivan do novo marco constitucional, a modernización e simplificación da intervención administrativa e a necesidade de introducir criterios de sostibilidade e respecto ambiental nesta actividade, son elementos determinantes para a aprobación desta lei. Igualmente é preciso que a actividade extractiva se desenvolva presidida por criterios de seguridade, de mellora nas condicións laborais así coma de eliminación de discriminacións e procura da consecución da igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes. A presente lei pretende, así mesmo, que a innovación tecnolóxica contribúa a reducir o impacto ambiental da minaría e a pechar a cadea de valor introducindo actividades que aporten un maior valor engadido.

O Título I establece o obxecto, ámbito de aplicación e principios orientadores da Lei, situando como eixo vertebrador a sostibilidade para garantir a protección do medio pola gran repercusión que esta actividade ten sobre o solo, a auga e o aire.

No Título II defínese o reparto de competencias entre os diversos órganos da xunta e regúlase a estrutura organizativa específica, nomeadamente, o Consello da Minaría de Galicia e os Rexistros pertinentes. O Consello da Minaría de Galicia créase como órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da Administración en materia de minaría para o que se lle atribúen funcións de informe preceptivo nas principais normas e instrumentos de planificación do sector mineiro, así como outras de asesoramento. O Rexistro Mineiro de Galicia inscribirá todos os dereitos mineiros autorizados ou concedidos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e o Rexistro de solicitudes de dereitos mineiros determinará a prioridade dos dereitos en función da súa data de solicitude.

O Título III establece o Plano da Minaría de Galicia como máximo instrumento de planificación da política mineira. Este Plano, que será sometido a avaliación ambiental, establecerá as bases dos desenvolvemento dunha minaría sostible, nun marco de seguridade, innovación tecnolóxica e mellora da economía das zonas extractivas.

Título IV regula o procedemento de outorgamento e contido dos dereitos mineiros. Establécese un procedemento integrado de outorgamento que simplifica a intervención administrativa e, ao mesmo tempo, garante a coordinación interadministrativa e interorgánica. Esta integración procedimental permite que o outorgamento de dereitos mineiros se realice con atención aos requirimentos ambientais e urbanísticos e ás competencias concurrentes. Para as persoas



## XUNTA DE GALICIA

solicitantes dos dereitos mineiros mellórase e axilízase a xestión administrativa e dótase ao procedemento dunhas maiores garantías e transparencia. Así mesmo defínese o contido e vixencia dos dereitos mineiros e a súa compatibilidade con outros usos ou aproveitamentos podendo limitar ou condicionar a Administración mineira o exercicio dos dereitos de prioridade por razóns ambientais, urbanísticas ou outras que sexan da súa competencia. A Lei prevé a necesidade de constitución de garantías financeiras para responder da viabilidade dos traballos mineiros e do plano de restauración ambiental; así como a suscripción dun seguro de responsabilidade civil para facer fronte aos danos que poidan causar as actividades extractivas. Tamén se regula o concurso de dereitos mineiros definindo o contido mínimo da convocatoria e previsións en canto á resolución.

O fomento da minaría regúlase no Título V orientando a acción da administración cara a innovación tecnolóxica que permita a mellora no aproveitamento dos recursos mineiros, a minimización dos residuos e emisións e o peche dos ciclos productivos. Para elo prevense actuacións en materia de investigación e formación, incentivos económicos e a declaración de Concellos mineiros.

O Título VI, baixo a rúbrica de disciplina mineira, establece as previsións necesarias para efectuar a inspección mineira con plenas garantías para os administrados ou administradas e para unha adecuada determinación dos feitos. Tamén recolle unha regulación específica dalgúns aspectos do réxime sancionador e o catálogo de infraccións e sancións.



XUNTA DE GALICIA

## **TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS**

### **Artigo 1.- Obxecto**

A presente Lei ten por obxecto o desenvolvemento do réxime xurídico das actividades mineiras en Galicia en condicións de sostibilidade e seguridade promovendo un aproveitamento racional compatible coa protección do medio ambiente.





## **Artigo 2.- Ámbito de aplicación**

1. A presente Lei é de aplicación ás seguintes actividades:

- a) Á exploración, investigación, explotación e aproveitamento dos recursos minerais e demais recursos xeolóxicos situados en Galicia.
- b) Ao aproveitamento de recursos xeotérmicos e de formacións xeolóxicas superficiais ou subterráneas .
- c) Á preparación para a entrega aos mercados dos minerais e recursos extraídos.
- d) Á xestión dos residuos producidos nas actividades extractivas.
- e) Á recuperación ambiental dos terreos afectados por labores mineiras así como as condicións e requisitos do abandono da actividade mineira.
- f) Á actividade administrativa de apoio para a mellora e innovación nas actividades mineiras coa fin de diminuír o impacto sobre os recursos naturais e a valorización integral dos recursos producidos na procura do peche do ciclo produtivo en Galicia.

2. Están excluídas do ámbito de aplicación da presente lei as seguintes materias:

A exploración, investigación, explotación e almacenamento subterráneo de hidrocarburos líquidos e gaseosos.

A extracción ocasional e de escasa importancia de recursos minerais, calquera que sexa a súa clasificación, sempre que se leve a cabo polo propietario dun terreo para o seu uso exclusivo, e non esixa a aplicación de técnica mineira ningunha

As augas reguladas na Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.



### **Artigo 3.-Principios**

Son principios que inspiran esta lei:

A planificación mineira no marco da ordenación da economía e do territorio.

A xestión sostible dos recursos mineiros.

A innovación tecnolóxica orientada á sostibilidade e a valorización plena dos recursos mineiros.

A mellora das condicións de seguridade e saúde laborais.

A colaboración e cooperación das diferentes Administracións públicas.

A participación na política mineira dos sectores sociais e económicos implicados, quenes integrarán activamente a dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.



## **TÍTULO II. ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA E COMPETENCIAS**

### **CAPÍTULO I. A ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA**

#### **Artigo 4.-O Consello da Xunta**

Ao Consello da Xunta como órgano superior de dirección e Coordinación da política mineira da Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle:

- a) Aprobar o Plan da Minaría de Galicia, así como as súas modificacións ou revisións, a proposta da Consellería competente en materia de minas.
- b) Garantir a Coordinación dos distintos departamentos autonómicos con incidencia na minaría .
- c) Acordar con carácter excepcional, e logo de xustificar o interese público, o outorgamento de dereitos mineiros en caso de existencia de informes preceptivos desfavorables, de ser o caso.
- d) Establecer as liñas de cooperación coas demais Administracións públicas.
- e) Resolver sobre a prevalencia de utilidades públicas incompatibles cando se vexan afectadas competencias atribuídas a distintas Consellerías.
- f) Aprobar a declaración de Concellos Mineiros .



**Artigo 5.-A Consellería competente en materia de minas**

Corresponderalle á Consellería que teña atribuída a competencia en materia de minaría:

a) Promover e planificar a actividade mineira en Galicia elaborando o Plan da Minaría de Galicia e aquel outros planos que sexan precisos para un desenvolvemento sustentabel desta actividade.

b) Outorgar as concesións, permisos e autorizacións, nos termos da lexislación básica estatal, necesarios para o desenvolvemento de actividades extractivas.

c) Exercer as competencias relativas á seguridade mineira.

d) Inspeccionar o cumprimento das condicións técnicas, de seguridade e ambientais das actividades extractivas ou de calquera outra actividade que utilice técnicas mineiras.

e) Impulsar a mellora das explotacións mineiras potenciando as súas competencias técnicas, medio ambientais, comerciais e organizativas.

f) Exercer a potestade sancionadora nos termos establecidos nesta lei.



CAPITULO II. O CONSELLO DA MINARÍA DE GALICIA

**Artigo 6.- Creación e réxime xurídico**

1. Créase o Consello da Minaría de Galicia como órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da Administración competente na materia de minería.

2. O Consello estará adscrito para os efectos administrativos á Consellaría competente na materia de minería. A organización e réxime xurídico do Consello así como o carácter dos seus informes determinaranse regulamentariamente garantindo un funcionamento transparente, unha periodicidade adecuada e a participación activa de tódolos seus membros.



### **Artigo 7.- Funcións**

Correspóndenlle ao Consello da Minaría de Galicia as seguintes funcións:

- a) Emitir informe sobre os anteproxectos de lei, proxectos de regulamentos con incidencia na minaría e sobre o Plano da Minaría de Galicia.
- b) Asesorar sobre os planos e programas que a presidencia lle propoña en razón á importancia da súa incidencia sobre a minaría .
- c) Emitir informes e efectuar propostas en materia de minaría, a iniciativa propia.
- d) Propoñer medidas para un mellor desenvolvemento da política mineira.
- e) Impulsar a Coordinación entre a iniciativa pública e privada en materia de minaría.
- f) Informar sobre cantos asuntos en materia mineira sexan sometidos á súa consideración pola Consellería competente en materia de minaría e as que regulamentariamente se lle atribúan.
- g) Coñecer da evolución do emprego no sector da minaría, das sancións firmes derivadas dos incumprimentos desta Lei e das estadísticas de sinistrabilidade do sector e subsectores da minaría.
- h) Efectuar o seguimento do grao de cumprimento de todas as iniciativas encamiñadas a mellorar a calidade do emprego na minería de Galicia, incrementar a seguridade laboral, e impulsar a formación dos traballadores e traballadoras do sector na nosa Comunidade.
- i) Ser informado anualmente respecto dos expedientes administrativos tramitados consonte ao procedemento disposto no Título IV da presente Lei.
- l) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas por unha Lei.



### **Artigo 8.-Composición**

1. O Consello da Minaría de Galicia estará presidido pola persoa titular da consellería competente en materia de minaría ou persoa en quen delegue.

A composición e organización do Consello da Minaría de Galicia rexeráse polo principio de paridade e tratará de garantir unha representación proporcionada entre mulleres e homes.

Regulamentariamente determinarase a composición do Consello no que estarán integrados representantes das Administracións, das organizacións sindicais, agrarias e empresariais máis representativas do sector, das asociacións de defensa da natureza, das comunidades de montes en man común, dos concellos mineiros, dos colexios profesionais competentes en materia mineira e da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

2. Os seus membros serán nomeados pola persoa titular da consellería competente en materia de minaría a proposta das organizacións representativas. O nomeamento dos membros electivos do Consello e dos seus suplentes será por un período de catro anos, que poderá ser renovado por períodos iguais de dous anos. Os membros do Consello cesarán a proposta das organizacións ou entidades que propuxeron o seu nomeamento.



CAPÍTULO III.- REXISTRO MINEIRO DE GALICIA

**Artigo 9. Rexistro Mineiro de Galicia**

1. Créase o Rexistro Mineiro de Galicia, no que se inscribirán todos os dereitos mineiros autorizados ou concedidos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A inscrición practicarase de oficio e incluirá, co suficiente detalle, o tipo de dereito mineiro, o seu titular, extensión e prazo de vixencia.
2. Os datos reflectidos no Rexistro Mineiro de Galicia incorporaranse ao Catastro Mineiro de Galicia, constituíndo información de apoio para a xestión interna e a definición da política mineira da Comunidade Autónoma.
3. O Rexistro Mineiro de Galicia será público, segundo as condicións que se establezan regulamentariamente.





**Artigo 10. Rexistro de solicitudes de dereitos mineiros**

1. A Consellería competente en materia de minas levará un rexistro de solicitudes de permisos, autorizacións e concesións de dereitos mineiros.

2. Neste rexistro, que se articulará como unha sección independente dentro do Rexistro Mineiro de Galicia, inscribíranse as solicitudes na orde na que foron presentadas.

3. A prioridade para a tramitación dos dereitos mineiros determinarase pola orde de inscrición no Rexistro de Solicitudes de Dereitos Mineiros.



### **TÍTULO III.-PLANIFICACIÓN DA MINARÍA**

#### **Artigo 11. O Plano da Minaría de Galicia**

1. O Plano da Minaría de Galicia como máximo instrumento de planificación da política mineira desenvolverá os eixes básicos de actuación administrativa en Galicia no sector propiciando a coordinación das accións, o seu desenvolvemento sostible, a mellora tecnolóxica e a diversificación económica.
2. O ámbito de aplicación do Plano da Minaría de Galicia é todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. O Plano terá unha vixencia de dez anos revisable cada cinco anos.
4. A Consellería competente en materia de minaría elaborará un informe de avaliación sobre a súa execución que será sometido ao Consello da Minaría de Galicia con carácter previo á aprobación da revisión do Plano.



## **Artigo 12. Elaboración do Plan da Minaría de Galicia**

1. A Consellería competente en materia de minas, elaborará a proposta de Plano da Minaría de Galicia que será sometida ao dictame do Consello da Minaría de Galicia.

2. O Plano da Minaría de Galicia será sometido a avaliación ambiental de acordo coas disposicións da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. A tal efecto o Plano acompañarase dun informe de sostibilidade ambiental nos termos establecidos na lexislación vixente.

3. Durante a tramitación do texto, solicitarase informe daquelas consellerías e Administracións que teñan competencias relacionadas directamente cos contidos do Plano. Tamén será sometido a información pública nos termos definidos pola Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. O exame e formulación de observacións realizarase nun prazo de 45 días.

Finalizada a fase de consultas elaborárase una memoria ambiental co obxecto de valorar a integración dos aspectos ambientais na proposta de plano. A memoria ambiental conterá as determinacións finais que deban incorporarse á proposta de plano así coma fixará as directrices sobre recuperación medioambiental e uso final dos solos.

4. Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de minas, aprobar o Plano da Minaría de Galicia, así como a súa modificación ou revisión.

5. Unha vez aprobado o Plano da Minaría de Galicia será publicado no Diario Oficial de Galicia e será posto a disposición do público e demais órganos e Administracións afectadas acompañado dunha declaración ambiental co contido previsto na lexislación aplicable.



### **Artigo 13. Criterios orientadores**

Os criterios que inspirarán o Plan da Minaría de Galicia serán os seguintes:

- a) O establecemento das bases do desenvolvemento dunha minaría sostible.
- b) A identificación de zonas con potencial mineiro.
- c) A mellora da seguridade das explotacións mineiras e dos seus establecementos de beneficio.
- d) A harmonización da actividade extractiva co resto dos usos do solo, dentro do marco da ordenación territorial, agraria e ambiental.
- e) O aproveitamento ordenado e sostible dos recursos mineiros de maneira compatible coa protección do medio natural e o patrimonio cultural.
- f) A racionalización do emprego de recursos naturais e de residuos a través da implantación das mellores técnicas dispoñibles e a valorización.
- g) A promoción da investigación, o desenvolvemento e a innovación nas propiedades e aplicacións dos materiais, así como nos procesos de produción, tratamento e aproveitamento de subprodutos .
- h) A busca dunha maior vinculación da minaría coa mellora da economía das zonas en que se sitúen as explotacións e o fomento da creación de emprego.
- i) O asesoramento, información e colaboración coas administracións locais, entes privados e organizacións empresariais e sindicais en cuestións relacionadas coas actividades mineiras e o desenvolvemento empresarial.
- k) A mellora da produtividade das empresas do sector mineiro e o apoio á implantación de industrias que permitan o peche de todos os ciclos de transformación dos materiais mineiros extraídos en Galicia.



#### **Artigo 14. Contido do Plano da Minaría de Galicia**

O Plano da Minaría de Galicia conterá, en todo caso:

a) Un diagnóstico da minaría en Galicia que inclúa referencias aos recursos existentes e en investigación, aos dereitos mineiros, aos efectos da minaría sobre o entorno económico, social e ambiental, á localización das explotacións, ao emprego no sector con indicación das condicións laborais existentes, ás repercusións ambientais máis relevantes das explotacións existentes.

b) As bases da coordinación do modelo territorial co desenvolvemento da minaría, sinalando, de ser o caso, a conveniencia de elaborar plans sectoriais de incidencia supramunicipal coma instrumentos para acadar a dita coordinación no noso territorio.

c) A coordinación cos instrumentos de protección ambiental e patrimonio cultural coa determinación dos ámbitos incompatibles con actividades extractivas polas necesidades de preservación de ditos bens sociais.

d) A fixación de obxectivos de desenvolvemento do sector tendo en conta os condicionamentos territoriais, agrarios e ambientais e o obxectivo de diversificación e peche do ciclo productivo.

e) As liñas de actuación e os programas específicos, nomeadamente os destinados a Concellos mineiros, de acordo cos principios de actuación desta Lei.

f) Os instrumentos financeiros e de xestión para a execución do Plano e as liñas directrices das medidas de fomento da minaría que deberán estar presididas polos obxectivos que fixa esta Lei.

g) As bases da investigación mineira para acadar unha extracción, preparación e posta en mercado eficientes e sostible dos recursos minerais.

h) As accións encamiñadas a mellorar a calidade do emprego no sector, incrementando a seguridade e potenciando a formación dos traballadores e traballadoras, así coma a incorporación de mulleres a un sector onde están infrarepresentadas a través de políticas de acción positivas.

i) A valoración económica das actuacións previstas.



**Artigo 15. Participación da Consellería competente en materia de minas en instrumentos de planificación.**

Para a elaboración de instrumentos de planificación con incidencia na minaría terase en conta as solicitudes e os dereitos mineiros outorgados ou concedidos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal será obrigatorio solicitar da Consellería competente en materia de minas un informe dos datos reflectidos no Rexistro Mineiro de Galicia.



## **TÍTULO IV.DEREITOS MINEIROS**

### **Artigo 16. Dereitos mineiros**

1. Os dereitos mineiros que se outorguen ou se soliciten no territorio da Comunidade autónoma de Galicia, axustaranse ao disposto no presente Título.
2. Son dereitos mineiros regulados na lexislación específica mineira:
  - a) As autorizacións de aproveitamento de recursos da sección A)
  - b) As autorizacións e concesións de recursos da sección B)
  - c) Os permisos de exploración, permisos de investigación e concesións mineiras dos recursos C) e D)
3. Coas especialidades previstas nesta Lei, establécese un procedemento unitario e integrado para o outorgamento de tódolos dereitos mineiros no territorio da Comunidade Autónoma, con independencia do tipo de recurso e da actividade mineira desenvolvida.



### **Artigo 17. Órgano mineiro competente**

1. Sen prexuízo das funcións atribuídas ao Consello da Xunta de Galicia no artigo 4 da presente Lei, o órgano mineiro competente é a persoa titular da consellería competente na materia de minas da Comunidade Autónoma de Galicia, a quen corresponde outorgar os dereitos mineiros, autorizar as súas modificacións, transmisións, renovacións e prórrogas, declarar a súa caducidade, así como realizar a convocatoria e a resolución dos concursos para a adxudicación de terreos non rexistrables.

2. O órgano mineiro competente velará por que o outorgamento dos dereitos mineiros respete as prescricións da normativa mineira, ambiental, agraria e de ordenación do territorio, e calquera outra que resulte aplicable.

3. No caso de aproveitamentos inmediatos que non impliquen transformación de recursos da sección A) destinados a obras públicas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia corresponderá ao órgano competente para a aprobación do correspondente proxecto de construción, calquera que sexa o sistema de execución, a súa autorización, mediante o cumprimento das prescricións establecidas na presente Lei.

Ditos órganos notificarán á consellería competente na materia de minas o comezo e remate dos traballos referidos, así coma, anualmente, informarán das cantidades de materiais extraídos.





CAPÍTULO I. PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DOS DEREITOS MINEIROS

**Artigo 18: Solicitudes de dereitos mineiros**

1. Toda solicitude de dereitos mineiros incluíra, polo menos a seguinte documentación:

a) Modelo normalizado de solicitude.

b) Memoria, que comprenderá o proxecto de exploración, investigación ou explotación e os proxectos de instalacións mineiras e procesos produtivos, cuxo contido se establecerá regulamentariamente.

c) Informe de viabilidade e solvencia, que acredite que a persoa solicitante reúne os requisitos esixidos na lexislación mineira para poder ser titular de dereitos mineiros, especialmente a súa solvencia económica e técnica.

A xustificación da solvencia económica do solicitante poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Informe de institucións financeiras.
- Tratándose de persoas xurídicas, presentación das contas anuais ou extracto das mesmas.
- Declaración relativa á cifra de negocios global e dos traballos mineiros realizados polo solicitante no curso dos cinco últimos anos.
- Calquera outra documentación considerada como suficiente polo órgano mineiro competente.

A solvencia técnica da persoa solicitante poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Titulacións académicas e profesionais e experiencia dos cadros da empresa.
- Declaración dos medios materiais e equipo técnico do que dispoñerá o solicitante para a execución do seu programa mineiro.
- Declaración sobre os efectivos persoais da empresa, indicando, no seu caso, grado de estabilidade no emprego dos mesmos e a importancia dos seus equipos directivos durante os últimos cinco anos.
- Calquera outra documentación establecida regulamentariamente.

d) No caso dos dereitos mineiros sometidos a avaliación ambiental un estudo ambiental co contido establecido na lexislación vixente para a súa remisión ao órgano ambiental autonómico.

e) Plan de seguridade e saúde laboral

f) Plan de Restauración do espazo afectado polas actividades mineiras .

g) Plan de cese de actividades mineiras.

h) Calendario de execución e orzamento.



## XUNTA DE GALICIA

i) Planos.

k) Anexos.

l) Calquera outra documentación e información acreditativa do cumprimento de requisitos establecidos na lexislación sectorial aplicable.

2. Á solicitude dos dereitos mineiros acompañarase un resumo non técnico de todas as indicacións especificadas nos parágrafos anteriores, para facilitar a súa comprensión a efectos do trámite de información pública.



**Artigo 19. Condicións especiais da solicitude de dereitos mineiros da sección A)**

Ademais da documentación esixida no artigo 18 desta Lei, a solicitude de dereitos mineiros da sección A) acompañarase da documentación que acredite o dereito ao aproveitamento cando o xacemento se atope en terreos de propiedade privada, de conformidade coa lexislación específica de minas. Cando o xacemento se atope en terreos de propiedade pública, será necesario o oportuno título habilitante da Administración titular.



XUNTA DE GALICIA

**Artigo 20. Condicións especiais da solicitude de dereitos mineiros da sección B)**

Ademais da documentación esixida no artigo 18 desta Lei, a solicitude de dereitos mineiros sobre xacementos de orixe non natural, estruturas subterráneas e ocos resultantes de canteiras esixirá a declaración previa da súa cualificación como recursos da sección B), realizada polo órgano mineiro competente.



**Artigo 21. Emenda das solicitudes**

Si a solicitude de iniciación non reúne os requisitos sinalados nesta Lei, requerirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, teráselle por desistido de súa petición, previa resolución motivada.



**Artigo 22. Información pública**

1. Unha vez completada a documentación, de acordo co establecido nos artigos anteriores, abrírase un período de información pública que non será inferior a vinte días.
2. Simultaneamente, o órgano mineiro competente remitirá copia do expediente ás demais Administracións públicas para que poidan pronunciarse sobre as diferentes materias da súa competencia.



**Artigo 23. Informe municipal preceptivo**

1. O Concello que teña ubicado o dereito mineiro no seu termo municipal emitirá un informe sobre as cuestións de competencia municipal. O devandito informe deberá emitirse no prazo de dous meses desde a recepción do expediente.
2. En caso de non emitirse o informe no prazo sinalado, poderanse proseguir as actuacións. Se o informe é emitido fóra de prazo pero recibido antes do otorgamento dos dereitos mineiros, deberá ser valorado na súa resolución polo órgano mineiro competente.
3. Se o informe municipal fose desfavorable, con independencia do momento en que se emitiu, o órgano mineiro competente, en caso de disconformidade co mesmo e excepcionalmente, elevará ao Consello da Xunta o expediente para a súa resolución motivada. A resolución adoptada polo Consello da Xunta determinará, no seu caso, o contido dos dereitos mineiros e adoptará as disposicións necesarias en relación co planeamento urbanístico e a protección ambiental.



**Artigo 24. Informes autonómicos preceptivos**

1. O órgano mineiro competente remitirá aos órganos ambiental, urbanístico, e agrario da Comunidade Autónoma a solicitude de dereitos mineiros para que emitan informe preceptivo que acredite unha xestión mineira compatible co medio ambiente e co patrimonio cultural, coa planificación urbanística e territorial así coma coa ordenación agraria. Os devanditos informes deberán emitirse no prazo de dous meses desde a recepción do expediente.

2. En caso de non emitirse os informes no prazo sinalado, poderanse proseguir as actuacións. Se os informes son emitidos fóra de prazo, pero recibidos antes do outorgamento dos dereitos mineiros, deberán ser valorados na súa resolución polo órgano mineiro competente.





**Artigo 25. Compatibilidade de dereitos mineiros e con usos de interese pública**

1. Se a solicitude dun dereito mineiro afectase a un dereito mineiro preexistente ou a outros usos de interese pública, o órgano mineiro competente pronunciarase sobre a súa compatibilidade ou incompatibilidade así coma sobre a súa prevalencia, a través do procedemento que regulamentariamente se estableza.

2. Para iso terá en conta os seguintes criterios:

- a) A viabilidade e interese económico da solicitude, de acordo coa Memoria presentada.
- b) A súa incidencia no contorno natural e social, a paisaxe e o medio rural.
- c) A súa repercusión sobre outras infraestructuras de interese público existentes no territorio afectado (parques eólicos, liñas eléctricas, gaseoductos...).

3. Se considera que a solicitude é incompatible con outro dereito mineiro preexistente, o órgano mineiro competente ditará resolución motivada, poñendo fin ao procedemento.



**Artigo 26. Trámite de audiencia**

1. Unha vez emitidos os informes preceptivos a que se refiren os artigos anteriores, darase audiencia aos interesados e interesadas para que formulen as alegacións ou acheguen as informacións e documentos que estimen oportunas, no prazo máximo de quince días.

2. Se antes do vencimento do prazo os interesados e interesadas manifestan a súa decisión de non efectuar alegacións nin aportar novos documentos ou xustificacións, terase por realizado o trámite.



### **Artigo 27. Resolución**

1. O órgano mineiro competente dictará a resolución que poña fin ao procedemento no prazo máximo de doce meses, incorporando, no seu caso, os condicionamentos que resulten dos informes preceptivos.

2. A resolución outorgará ou denegará o dereito mineiro solicitado. Os dereitos mineiros poderán denegarse motivadamente nos seguintes casos:

a) Inadecuación da Memoria e demais documentos presentados aos requisitos e condicións esixidas pola lexislación mineira.

b) Falta de acreditación da viabilidade dun aproveitamento racional dos recursos mineiros, en función da existencia de recurso natural mineiral en cantidade e calidade.

c) Incumprimento dos requisitos suxeitivos, ou insuficiente acreditación da solvencia económica ou técnica do solicitante.

d) Inadecuación á normativa sectorial, de carácter urbanístico, ambiental, agraria ou outra, debidamente acreditada no expediente.

e) A incompatibilidade e a non prevalencia con outro dereito mineiro preexistente, ou con infraestructuras de interese público no territorio da Comunidade Autónoma.

3. A resolución que outorgue o dereito mineiro poderá impoñer as condicións necesarias para a súa adecuación ou compatibilidade con outros intereses dignos de protección.

Dita resolución, poderá incluír tamén, cos condicionamentos que no seu caso procedan, a autorización de entulleiras e de establecementos de beneficio que non comprendan edificacións, sempre e cando exista unha unidade produtiva e de ubicación física das instalacións.

4. Transcorrido o prazo máximo de doce meses sen terse notificado resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude.



**Artigo 28. Notificación e publicidade**

1. O órgano mineiro competente notificará a resolución aos interesados, ao Concello onde se ubique o proxecto mineiro, aos distintos órganos que emitisen informes preceptivos e, no seu caso, aos demais órganos administrativos que resulten competentes.

2. O outorgamento dos dereitos mineiros publicarase no Diario Oficial de Galicia.



## CAPÍTULO II. CONTIDO DOS DEREITOS MINEIROS

### **Artigo 29. Contido dos dereitos mineiros**

A resolución de outorgamento dun dereito mineiro terá o seguinte contido mínimo:

a) As condicións impostas polo órgano mineiro competente para o exercicio das actividades de exploración, investigación e explotación.

b) A súa extensión.

No caso de permisos de exploración, o órgano mineiro competente valorará que, dentro dos límites fixados pola lexislación específica de minas, a súa extensión non supere as catrocentas cuadrículas mineiras, tendo en conta as peculiaridades do territorio da Comunidade Autónoma, por razóns ambientais, agrarias, urbanísticas ou outras da súa competencia.

No caso de permisos de investigación, a autoridade mineira non outorgará extensións superiores a quince cuadrículas mineiras, agás supostos excepcionais debidamente xustificados e motivados por razón da tipoloxía do recurso a investigar, das melloras técnicas dispoñibles, da súa natureza estratéxica ou do seu interese para a economía galega

c) O seu prazo de vixencia e condicións de renovación, no seu caso.

d) A constitución das garantías obrigatorias e do seguro de responsabilidade civil regulados na presente Lei

e) As prescricións que garantan, no seu caso, a protección dos recursos naturais.

f) As medidas relativas ao peche definitivo e abandono da explotación.

g) Calquera outra medida ou condición determinada pola lexislación sectorial aplicable.

2. Os dereitos mineiros conterán, ademais, cando así sexa esixible na normativa que resulte de aplicación:

a) A declaración de impacto ambiental ou outras figuras de avaliación ambiental.

b) As condicións preventivas e de control necesarias en materia de accidentes graves nos que interveñan sustancias perigosas.

c) A xestión dos residuos de actividades extractivas e o seu transporte, cando se realicen dentro da propia explotación.



**Artigo 30. Vixencia temporal dos dereitos mineiros**

1. As autorizacións mineiras para recursos das seccións A) e B) outorgaranse polo período previsto no proxecto de explotación correspondente, cun límite máximo de revisión das condicións do seu outorgamento cada dez anos. No caso das seccións A) o tempo da duración da autorización non poderá exceder daquel que o petionario teña acreditado o dereito de aproveitamento.

Os permisos de exploración outorgaranse por un prazo máximo dun ano.

Os permisos de investigación outorgaranse por un período máximo de tres anos.

As concesións de explotación mineiras outorgaranse por un período de 30 anos, podendo prorrogarse ata un máximo de 75 anos.



### **Artigo 31. Renovación e prórroga de dereitos mineiros**

1. Transcorrido o prazo máximo de vixencia dos permisos de exploración e dos permisos de investigación, estes poderán ser renovados e prorrogados por períodos sucesivos, consonte o disposto na lexislación xeral. As concesións de explotación mineiras non poderán ser prorrogadas unha vez transcorrido o prazo máximo establecido no artigo anterior.

2. Cunha antelación mínima dun mes antes do vencemento do prazo de vixencia dos dereitos mineiros, agás no suposto de concesións de explotación onde o prazo será de doce meses, o titular de dereitos mineiros solicitará a súa renovación e prórroga que se tramitará polo procedemento que se estableza regulamentariamente.

3. O titular dun permiso de investigación poderá prorrogar os traballos polo período que dure a tramitación do expediente de outorgamento da concesión derivada prevista na lexislación mineira. Con todo, o órgano mineiro competente poderá acordar a paralización temporal dos traballos mediante resolución motivada, ata que se resolva definitivamente o expediente.



**Artigo 32. Dereitos de prioridade**

1. Os dereitos de prioridade que a lexislación mineira recoñece as persoas titulares de determinados dereitos mineiros non supoñen o recoñecemento de dereitos consolidados ao seu outorgamento, mentres non se acredite a viabilidade do seu aproveitamento racional e a concurrencia dos requisitos esixidos na lexislación aplicable.
2. O órgano mineiro competente poderá limitar ou condicionar motivadamente o exercicio de tales dereitos de prioridade por razóns urbanísticas e de ordenación do territorio, agrarias, ambientais, ou outras que sexan da súa competencia.
3. Os dereitos de prioridade deberán exercitarse, no seu caso, dentro dos prazos máximos regulados na lexislación mineira.





### **Artigo 33. Garantías financeiras**

1. A persoa titular dun dereito mineiro deberá constituír unha garantía suficiente no prazo dun mes, contado desde a notificación do seu outorgamento, sendo responsable do seu mantemento nos termos sinalados nos epígrafes seguintes.

2. A contía da garantía corresponderá á suma de dous conceptos, un fixo e outro variable. En todo caso, o seu importe deberá ser actualizado segundo se determine regulamentariamente.

3. A garantía fixa responderá do cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros. O seu importe será do 4% do orzamento de financiamento, no caso dunha autorización de aproveitamento ou dunha concesión de explotación, e dun 20% para os permisos de exploración ou investigación.

4. A garantía variable responderá do cumprimento do plano de restauración ambiental, determinándose a súa cuantía de acordo cos seguintes criterios:

- a) Custo real de todos os traballos de restauración.
- b) Area afectada en cada ano de investigación ou de explotación.
- c) Calendario e programa de execución.
- d) Uso actual e previsto do solo.

O prazo da garantía fixarase en función de criterios técnicos derivados dos traballos mineiros e da execución do plano de restauración.

5. A garantía poderá constituírse por calquera das seguintes formas:

- a) Depósito en metálico ou en títulos de emisión pública, constituído na Caixa de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Mediante aval solidario e incondicionado prestado por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito ou establecementos financeiros de crédito autorizados para operar en España.



#### **Artigo 34. Seguro de responsabilidade civil**

A persoa titular de calquera dereito mineiro deberá suscreber un seguro de responsabilidade civil no prazo de trinta días contados desde a notificación da resolución de outorgamento, para facer fronte aos danos que poidan causar ás persoas, aos animais, aos bens ou ao medio ambiente.

Se a persoa titular dun dereito mineiro contrata os labores que este implica, en todo ou en parte, cun terceiro, poderá subrogar en todo ou en parte o contrato de seguro de responsabilidade civil ao explotador, dando conta á Administración mineira.

A contía dos seguros será fixada e revisada polo órgano mineiro competente, de acordo cos riscos derivados dos labores de exploración, investigación ou explotación e, especialmente, da xestión dos residuos xerados pola explotación.



**Artigo 35. Plan anual de Labouras**

Os titulares de dereitos mineiros das seccións A), C) e D) deberán presentar anualmente un plan de labores para a súa aprobación polo órgano mineiro competente.

O Plan de labores deberá ser cumprimentado e asinado polo director facultativo.

Regulamentariamente establecerase o procedemento para a aprobación do plan de labores e o seu alcance, contido e efectos.



CAPÍTULO III. CONCURSOS DE DEREITOS MINEIROS

**Artigo 36. Convocatoria de concursos de dereitos mineiros**

1. Os terreos francos resultantes do levantamento dunha zona de reserva ou a declaración de caducidade dun permiso de exploración, un permiso de investigación ou unha concesión mineira poderán ser declarados rexistrables unha vez celebrado o necesario concurso público previsto na lexislación específica minera.

2. As convocatorias terán o seguinte contido mínimo:

a) Documentación a presentar polo solicitante, que será polo menos a seguinte:

A que acredite que reúne os requisitos establecidos para ser titular de dereitos mineiros.

Ter acreditado a constitución dunha fianza provisional.

b) Designación do terreo que se pretende, lugar e superficie do xacemento ou recurso mineiro obxecto do concurso.

c) Requisitos de viabilidade e solvencia técnica.

d) Metodoloxía e técnica mineira requeridas

e) Investimento mínimo necesario

f) Prazo de execución dos traballos

3.- O concurso adxudicarase ao solicitante que, no seu conxunto, formule a proposta máis vantaxosa a xuízo do órgano mineiro competente, podendo declararse deserto.

4. Se despois de celebrado o concurso quedasen aínda terreos non adxudicados, poderán ser declarados francos e rexistrables pola Administración mineira, debéndose publicar esa declaración no Diario Oficial de Galicia.



CAPÍTULO IV. COORDINACIÓN CON OUTRAS LEXISLACIÓNS SECTORIAIS

**Artigo 37. Coordinación administrativa**

1. O outorgamento dos dereitos mineiros farase en Coordinación coas demais autorizacións sustantivas ou licenzas que sexan obrigatorias, entre outras, a licenza municipal de actividades clasificadas e as autorizacións ou concesións que deban esixirse para a ocupación ou utilización do dominio público, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.



**Artigo 38. Coordinación co procedemento de avaliación ambiental**

1. Non poderán outorgarse dereitos mineiros sen que previamente se teña dictado a declaración ambiental, cando sexa necesaria de conformidade coa lexislación vixente.
2. A estes efectos, o órgano ambiental competente, en canto formule a declaración ambiental, remitirá unha copia da mesma ao órgano mineiro, que deberá incorporar o seu condicionado ao contido dos dereitos mineiros.



**Artigo 39. Coordinación co réxime aplicable en materia de licenzas urbanísticas e actividades clasificadas**

1. O exercicio dos dereitos mineiros estará condicionado ao outorgamento das licenzas municipais urbanísticas e de actividades clasificadas, de conformidade coa normativa aplicable.
2. A estes efectos, o Concello no que estea ubicado o dereito mineiro deberá pronunciarse sobre a viabilidade do proxecto mineiro no informe que deberá remitir ao órgano mineiro competente durante a tramitación dos dereitos mineiros.
4. Nos supostos nos que o proxecto de explotación teña que ser sometido ao trámite de avaliación de efectos ou impacto ambiental, o procedemento regulado nesta lei exime da tramitación prevista no vixente Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas
3. En todo caso, o outorgamento dos dereitos mineiros será vinculante para a autoridade municipal cando implique a imposición de medidas correctoras, así como no referente a todos os aspectos ambientais de competencia da Comunidade autónoma de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

## **TÍTULO V.- FOMENTO DA MINARÍA**

CAPÍTULO I.-INVESTIGACIÓN, FORMACIÓN, DIFUSIÓN SOCIAL DA ACTIVIDADE MINEIRA E

PATRIMONIO XEOMINEIRO

### **Artigo 40. Investigación**

1. A Xunta de Galicia, no marco do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, promoverá o desenvolvemento da investigación científica e técnica, a experimentación e os estudos en materia mineira e de recursos mineiros que permita dispoñer dos coñecementos científicos e técnicos necesarios para a mellora do aproveitamento dos recursos mineiros, a minimización dos residuos, a protección ambiental, o peche dos ciclos productivos así coma a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo.
2. De conformidade co establecido no parágrafo anterior a Xunta de Galicia establecerá directamente ou en colaboración con entidades públicas ou privadas os mecanismos que conduzan a acadar os fins de investigación sinalados.





XUNTA DE GALICIA

**Artigo 41 . Formación**

1. A Xunta de Galicia fomentará, en colaboración coas empresas, organizacións sindicais e entidades representativas do sector mineiro de Galicia, a reciclaxe e o perfeccionamento dos traballadores e traballadoras do sector, mediante as medidas e actuacións que regulamentariamente se establezan, que contemplarán a participación dos axentes sociais no seu deseño, execución e avaliación.



XUNTA DE GALICIA

**Artigo 42 . Difusión social da actividade mineira e Patrimonio xeominero**

1. A Xunta de Galicia impulsará, en colaboración cos axentes científicos, organizacións sindicais e entidades representativas do sector mineiro de Galicia, a difusión da actividade mineira entre a sociedade.
2. A Xunta de Galicia promoverá as medidas axeitadas para garantir a conservación, mantemento e recuperación da documentación mineira .



CAPÍTULO II.-INCENTIVOS ECONÓMICOS

**Artigo 43. Principios xerais**

1. A Consellería competente en materia de minaría, de acordo coas orientacións e prioridades do Plano da Minaría de Galicia, concretará nun plano estratéxico previo os incentivos económicos, os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación o prazo necesario para a súa consecución e os costes previsibles.

2. A xestión dos incentivos económicos realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concurrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación de recursos públicos.

3. As axudas á minaría deberán ir dirixidas á mellora das condicións de traballo e a formación dos traballadores, a conseguir un aproveitamento eficiente dos recursos, redución do impacto sobre o medio e á valorización endóxena dos recursos territorializando a cadea de valor.

4. Serán obxecto das axudas:

A innovación e investigación tecnolóxica

O mantemento do emprego, a mellora das condicións de seguridade laboral e da formación dos traballadores e traballadoras así coma da cualificación do emprego.

A protección ambiental, a redución do consumo de recursos e da produción de residuos

O peche dos ciclos productivos, a diversificación económica e o impulso das redes de comercialización e internacionalización das empresas mineiras.

A investigación xeolóxica mineira

5. A cooperación entre axentes interesados na realización ou promoción de calquera destas actividades será obxecto de atención preferente.



**Artigo 44. Beneficiarios**

1. Poderán ser beneficiarias das axudas, tanto as persoas titulares dos dereitos mineiros, como aquelas persoas naturais ou xurídicas ás que aqueles cederan a súa explotación nas condicións que regulamentariamente se estableza, así coma os organismos de investigación e tecnolóxicos especializados en campos científicos e tecnolóxicos relevantes para a actividade mineira, as asociacións e cooperativas dos sectores productivos relacionados coa minaría e os particulares ou empresas que realicen estudos ou presten servizos no sector da minaría.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades que incorran en algunha das causas de prohibición previstas na lexislación vixente en materia de axudas públicas nin as empresas que carezan dos permisos administrativos pertinentes para o exercicio da súa actividade.





XUNTA DE GALICIA

#### **Artigo 45. Exclusionés**

Non serán obxecto de axudas os traballos, obras ou estudos que veñan impostos como consecuencia da obriga de restauración, nin os que se deriven da reparación dos danos causados por unha actuación que fora obxecto dunha sanción.



CAPÍTULO III.-CONCELLOS MINEIROS

**Artigo 46 . Dos concellos mineiros**

1. O Consello da Xunta de Galicia, a solicitude dos concellos afectados, poderá declarar como concellos mineiros aqueles nos que exista ou teña existido unha dependencia da minaría para a súa economía.

2. Os concellos mineiros serán obxecto de medidas e planos de actuación específicos, de acordo coas previsións do Plano da Minaría de Galicia, de adaptación das infraestructuras as súas necesidades, de mellora ambiental e seguridade e de diversificación do tecido productivo. A Xunta de Galicia impulsará a celebración de convenios cos concellos mineiros que regularán as formas de asistencia e cooperación técnica e financeira.



## **TÍTULO VI. DISCIPLINA MINEIRA**

### **CAPÍTULO I. INSPECCIÓN MINEIRA**

#### **Artigo 47.- Inspección de minas**

1. Corresponde á Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de minas, realizar as comprobacións necesarias e pedir a documentación e a información necesaria para o seguimento e a vixianza das declaracións ambientais así coma comprobar o cumprimento da normativa mineira aplicable ás actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei, de oficio ou a instancia de parte interesada, así como das condicións de seguridade de calquera outra actividade que utilice técnicas mineiras, sen prexuízo do establecido na normativa vixente en materia de riscos laborais.

2. A inspección das actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei e así coma da normativa en materia de prevención de riscos laborais respecto das actividades que impliquen o emprego de técnica mineira, será realizada por funcionarios ou funcionarias que ocupen postos de traballo que teñan atribuído o exercicio das funcións de inspección e que estean adscritos a órganos administrativos con competencia para o control ou inspección en materia mineira.

3.- Para o desempeño da función inspectora, a autoridade mineira poderá establecer mecanismos de colaboración con órganos ou administracións que teñan atribuídas competencias e responsabilidades no ámbito laboral .





#### **Artigo 48.- Facultades**

O funcionario ou funcionaria que, de conformidade co establecido no artigo anterior, realice a inspección de minas ten no exercicio das súas funcións o carácter de autoridade pública e estará autorizado para:

a) Acceder libremente, en calquera momento, acreditándose axeitadamente, ás explotacións mineiras, ós seus establecementos de beneficio ou lugares nos que se realice algún tipo de actividade mineira e a permanecer neles, debendo comunicar ao empresario ou aos seus representantes a súa presenza, salvo que estas estean abandonadas ou presenten signos, a criterio do actuante, que manifesten a falta de utilización habitual.

b) Practicar tódalas dilixencias, requerir a información e documentación necesarias para comprobar que se cumpren as disposicións legais e regulamentarias, así como obter copias e extractos dela.

c) Tomar mostras ou obter calesquer outras evidencias no soporte que sexa adecuado na presenza do empresario ou empresaria ou persoa responsable do establecemento, agás que a apreciación motivada das circunstancias poida requerir a súa obtención na súa ausencia.



**Artigo 49.- Das actas**

1. As actividades inspectoras documentaranse mediante actas que estarán dotadas de presunción de certeza a respecto dos feitos reflectidos nas mesmas que teñan sido constatados polo inspector sen prexuízo das probas en contrario. O seu contido axustarase ó previsto na presente lei e ós modelos regulamentarios.
2. As actas estenderanse por duplicado e deberán asinarse polo funcionario ou funcionaria actuante, e, cando o desexe, polo titular, explotador ou responsable do establecemento. A negativa a asinar farase constar na acta. A sinatura acreditará o coñecemento da acta e do seu contido.
3. Nas actas de infracción deberán reflectirse, en todo caso, os seguintes extremos:
  - a) A identificación dos suxeitos actuantes, a data e o lugar das actuacións.
  - b) Os feitos constatados polo funcionario actuante, destacando os relevantes a efectos de tipificación das infraccións e de gradación das sancións.
  - c) As manifestacións dos interesados.
  - d) Os medios e as mostras obtidos para a comprobación dos feitos.
  - e) As medidas adoptadas.
  - f) A infracción ou infraccións supostamente cometidas con expresión do precepto vulnerado.
  - g) A proposta de sanción, a súa gradación e cuantificación.
  - h) O órgano competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia.



**Artigo 50.- Medidas derivadas da actividade inspectora**

Finalizada a actividade de comprobación, o funcionario ou funcionaria que realizara a inspección, poderá adoptar as seguintes medidas:

a) Requerir á persoa responsable, cando as circunstancias así o aconsellen, para que adopte, no prazo que se sinala, as medidas correctoras oportunas, dando conta desta actuación ó órgano competente en materia de seguridade mineira.

b) Propoñer a iniciación do procedemento sancionador, mediante a extensión das actas de infracción.

c) Ordenar, por escrito, a suspensión inmediata dos traballos ou tarefas que se estivesen a desenvolver de concorrer grave e inminente risco para a seguridade ou saúde dos traballadores. Dita medida, que será inmediatamente executiva, será comunicada tanto ás persoas responsables como ó órgano competente en materia de seguridade mineira e á autoridade laboral.

A orde de suspensión, que deberá ser ratificada, no prazo máximo de dous días hábiles, no seno do correspondente procedemento sancionador e pola autoridade que teña competencia para acordar a súa iniciación, poderá ser levantada pola autoridade mineira tan pronto como se corrixa as deficiencias que a motivaron.



CAPÍTULO II. RÉXIME SANCIONADOR

**Artigo 51.- Responsables**

1. Serán suxeitos responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas que incorran nelas e, en particular:

a) A persoa explotadora efectiva do recurso mineiro e, no seu caso, o titular dos dereitos de aproveitamento mineiro.

b) O subcontratista do explotador efectivo.

c) A dirección facultativa, no ámbito das súas respectivas funcións.

2. No caso de existir máis dunha persoa responsable da infracción, as sancións que se impoñan terán entre si carácter independente.

3. Cando en aplicación desta lei dúas ou máis persoas resulten responsables dunha infracción e non fora posible determinar o seu grao de participación, serán solidariamente responsables para os efectos das sancións que se deriven.



**Artigo 52. -Competencia sancionadora**

1.Os expedientes sancionadores incoaranse pola delegacións provinciais da consellería competente en materia de minas

2.A competencia para sancionar as infraccións en materia de minaría corresponderalle:

- a) Nas infraccións leves: ao titular da Delegación Provincial competente.
- b) Nas infraccións graves: ao titular da Dirección Xeral competente en materia de minas.
- c) Nas infraccións moi graves: ao titular da Consellería competente en materia de minas.



**Artigo 53. - Procedemento sancionador**

1. O procedemento para a imposición de sancións axustarase ás normas xerais aplicables sen prexuízo de que regulamentariamente se establezan especialidades de procedemento.

2. O prazo para resolver e notificar o procedemento sancionador será de seis meses a contar desde a data da notificación da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se dictase resolución, producirase a caducidade do procedemento. No caso de que a infracción non prescribira, deberá iniciarse un novo procedemento sancionador.



**Artigo 54. Medidas cautelares**

1. Nos supostos nos que exista un risco grave ou inminente para as persoas, bens ou medio ambiente, o órgano competente para a incoación do expediente poderá ordenar motivadamente en calquera momento a adopción de cantas medidas cautelares resulten necesarias. En particular, poderán acordarse as seguintes:

a) Medidas de corrección, seguridade ou control que impidan a continuidade na produción do dano.

b) Precintado de aparatos, equipos ou vehículos.

c) Prestación de fianzas.

d) Suspensión temporal da autorización para o exercicio da actividade.

e) Limitación ou prohibición da comercialización de produtos.

2. A adopción das medidas cautelares levarase a cabo, previa audiencia do interesado, nun prazo de cinco días, agás nos casos que requiran unha actuación inmediata nos que poderán ser adoptadas polos inspectores de minas debendo ser ratificadas polo Delegado Provincial con audiencia ás partes.

3. As medidas de suspensión temporal da actividade da empresa entenderanse sen prexuízo dos intereses dos traballadores e traballadoras, nos termos previstos na lexislación laboral e de Seguridade Social, e da obriga da empresa de realizar un mantemento eficaz da explotación mineira.



**Artigo 55. – Prescrición**

1. As infraccións a que se refire a presente Lei prescribirán nos seguintes prazos:

1 ano, no caso de infraccións leves.

3 anos, no caso de infraccións graves.

5 anos, no caso de infraccións moi graves.

2. O cómputo do prazo de prescrición das infraccións iniciarase na data en que se cometera a infracción ou, se se trata dunha actividade continuada, na data do seu cese.

3. As sancións ás que se refire a presente Lei prescribirán nos seguintes prazos:

1 ano, no caso de sancións por infraccións leves.

3 anos, no caso de sancións por infraccións graves.

5 anos, no caso de sancións por infraccións moi graves.





**Artigo 56. Concorrencia de sancións**

1. Cando as condutas constitutivas de infracción supoñan incumprimento da normativa en materia de seguridade industrial ou de prevención de riscos laborais sancionaranse de acordo con ela.

2. As vinculacións do procedemento sancionador en materia mineira coa orde xurisdiccional penal axustarase ao disposto no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.



XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO III. INFRACCIONES, SANCIONES E MEDIDAS ACCESORIAS

**Artigo 57.- Infraccións**

Constitúen infraccións administrativas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, as accións ou omisións que contraveñan as obrigas establecidas na presente lei.



**Artigo 58.- Infraccións leves**

Son infraccións leves:

a) O incumprimento das obrigas de carácter formal ou documental previstas na normativa de seguridade mineira do que non se derive risco laboral ou ambiental.

b) A inobservancia dos requirimentos da inspección de minas, sempre que se refiresen a condicións de seguridade mineira que non supuxera dano derivado do traballo ou danos ambientais.

c) Non presentar o plan de labores na forma ou nos prazos establecidos.

d) Calquera outras que supoñan inobservancia das obrigas comprendidas na presente lei e que non estean tipificadas como infracción grave ou moi grave nos artigos seguintes.



**Artigo 59.- Infraccións graves**

Son infraccións graves:

- a) O incumprimento de obrigas de carácter formal ou documental que impidan coñecer as condicións de seguridade existentes no establecemento ou do que se derive risco laboral grave para a saúde e seguridade dos traballadores ou para o medio ambiente.
- b) A inobservancia dos requirimentos realizados ou a demora na instalación dos elementos correctores impostos pola inspección de minas ou polos órganos competentes na materia, referidas a condicións de seguridade mineira, que ocasionaran dano ás persoas, ás cousas ou ao medio ambiente.
- d) A demora no cumprimento total das condicións de seguridade esixibles.
- e) O incumprimento dos deberes inherentes á súa función por parte dos directores facultativos.
- f) Non dar conta, en tempo e forma, ó órgano competente en materia de seguridade mineira, dos accidentes de traballo graves, moi graves ou mortais ou de incidentes que comprometan gravemente a seguridade dos traballos ou das instalacións ocorridos nestas.
- g) A obstrucción ou negativa a colaborar coa inspección de mina.
- h) O incumprimento das condicións de outorgamento dos dereitos mineiros, sen prexuízo da súa caducidade, revogación ou suspensión.
- i) A utilización de instrumentos, maquinaria ou materiais que non cumpran as normas esixibles.
- l) A expedición, de forma intencionada, de certificados ou informes que non se axusten aos resultados das comprobacións ou inspeccións realizadas.
- m) O incumprimento das obrigas de reacondicionamento do espazo natural afectado por actividades mineiras.
- n) O incumprimento das previsións contidas no plan de restauración do dereito mineiro.
- o) A denegación da información solicitada pola autoridade mineira competente cando a súa entrega sexa preceptiva.
- p) A sanción por tres infraccións leves, xa sexa polo mesmo feito ou por feitos diferentes, calquera que sexa a súa natureza no prazo dun ano.



**Artigo 60.- Infraccións moi graves**

Son infraccións moi graves:

- a) A exploración, investigación e explotación de recursos mineiros ou a apertura de establecementos de beneficio sen a obtención da correspondente autorización, permiso ou concesión.
- b) As tipificadas como infraccións graves no artigo anterior, cando das mesmas resulte un dano moi grave ou un risco alto e inminente para a seguridade das persoas, dos bens ou do medio ambiente.
- c) A concorrencia na comisión de tres infraccións graves, xa sexa polo mesmo feito ou por feitos diferentes, calquera que sexa a súa natureza.



**Artigo 61.- Sancións**

1. As infraccións tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

- a) As infraccións leves, con multa desde 1 ata 10.000 de euros
- b) As infraccións graves, con multa desde 10.001 ata 200.000 euros
- c) As infraccións moi graves, con multa desde 200.001 ata 1.000.000 euros

2. Non obstante o expresado no artigo anterior, cando a consecuencia da infracción se obteña un beneficio económico cuantificable, a multa poderá acadar ata o cuádruplo do beneficio obtido, co límite, no caso das infraccións leves e graves, da máxima sanción correspondente ó grado inmediatamente superior.

3. A contía das sancións graduarase atendendo a criterios de proporcionalidade.

4. A comisión dunha falta moi grave polo director facultativo poderá levar aparellada a inhabilitación para o exercicio das funcións de director ou directora facultativo de actividades mineiras, por un período máximo dun ano no ámbito territorial de Galicia.

No suposto de reincidencia pola comisión de infraccións moi graves, a sanción poderá consistir na inhabilitación para o exercicio de esas funcións por un período de cinco anos no ámbito territorial de Galicia.

5. A comisión dunha infracción grave ou moi grave poderá levar aparellada a imposibilidade de obtención de axudas ou subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de minaría durante os seguintes prazos:

Infraccións graves: ata 3 anos.

Infraccións moi graves: ata 5 anos.



### **Artigo 62.- Gradación das sancións**

Sen prexuízo dos criterios de gradación de sancións establecidos na lexislación de procedemento administrativo aplicable, as sancións graduaranse, ademais, considerando os seguintes criterios:

- a) O risco resultante da infracción para a vida e a seguridade das persoas, dos bens e do medio ambiente.
- b) Os prexuízos producidos e a súa natureza.
- c) O carácter permanente ou transitorio dos riscos inherentes a ditas actividades.
- d) A gravidade dos danos producidos ou que puideran producirse pola ausencia ou deficiencia das medidas preventivas necesarias.
- e) O número de traballadores ou traballadoras afectados.
- f) As medidas de protección individual ou colectiva adoptadas polo empresario e as instrucións impartidas por este en orde á prevención dos riscos.
- g) O incumprimento de advertencias ou requirimentos previos da inspección de minas.
- h) A inobservancia das propostas realizadas polos delegados ou delegadas ou polos comités de seguridade da empresa ou do centro de traballo, para a corrección das deficiencias existentes.



XUNTA DE GALICIA

**Artigo 63.- Reparación de danos**

Sen prexuízo da sanción administrativa que se impoña, a persoa infractora estará obrigada a reparar os danos e perdas causados con obxecto de restaurar e repoñer os bens alterados ó seu estado anterior.





**Artigo 64.- Multas coercitivas**

1. Cando a persoa infractora non cumpra coa obriga imposta no artigo anterior ou o faga de forma incompleta, poderán serlle impostas multas coercitivas. A contía de cada unha de ditas multas non superará o 20% da sanción fixada para a infracción correspondente, sen prexuízo da posible execución subsidiaria pola propia Administración a cargo daquel.

2. As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas que se impuxeran ou puideran impoñerse como sanción pola infracción cometida.



**Artigo 65.- Suspensión temporal ou caducidade**

1. A comisión dunha falta grave poderá levar aparellada a suspensión temporal con clausura da explotación por un prazo non superior a dous meses.

2. A comisión dunha falta moi grave, ou das faltas graves nas que expresamente así se indica, poderá levar aparellada a suspensión temporal das actividades da empresa por un prazo entre dous meses a un ano ou o inicio do expediente de caducidade do dereito mineiro. Estas medidas deberán ser executadas, en todo caso, mediante resolución motivada pola autoridade competente para outorgar os dereitos mineiros.



XUNTA DE GALICIA

**Artigo 66.- Publicidade**

O órgano que exerza a potestade sancionadora fará constar na resolución correspondente a necesidade de proceder á publicación no Diario Oficial de Galicia e a través dos medios de comunicación social que considere oportunos, das infraccións graves e moi graves cometidas así como as sancións impostas, incluíndo os nomes e apelidos ou a razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables, sempre que adquiriran xa o carácter de firmes en vía administrativa ou xudicial.



**Disposición adicional primeira.- Atribución de competencias**

A Xunta de Galicia dictará as normas de organización administrativa para atribuír, ós órganos administrativos idóneos, as competencias que exerza a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de minas, respecto ás cales a lexislación mineira estatal aplicable atribúa de forma explícita a órganos da administración estatal as funcións para a realización delas.

**Disposición adicional segunda.-Normas de procedemento**

En todos aqueles aspectos non regulados nesta Lei e as súas normas de desenvolvemento, os procedementos en materia mineira rexiranse polas normas contidas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

**Disposición adicional terceira.-Inspección**

Os funcionarios ou funcionarias que desempeñen a función inspectora en materia de prevención de riscos laborais deberán posuír formación nesta materia.

**Disposición adicional cuarta.-Fianza ambiental**

As garantías financieras previstas para as actividades mineiras sometidas a esta Lei substitúen á fianza ambiental regulada no Decreto 455/1996, de 7 de novembro.

**Disposición derogatoria única**

Quedan derogadas cuantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta lei e, en especial, o Decreto 56/1985, do 21 de marzo, polo que se crea o Comité Consultivo da Minaría de Galicia.

**Disposición derradeira primeira.- Modificación da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común**



Engádesse un novo punto no anexo I da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dentro dos procedementos da Consellería de Industria e Comercio (hoxe Consellería de Innovación e Industria) co seguinte teor:

"Tipo de procedemento: expediente sancionador ou de caducidade en materia de minas

Prazo de duración: seis meses.

Normativa reguladora: Lei de ordenación da minaría de Galicia."

**Disposición derradeira segunda.-Modificación da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.**

1. Modifícase o artigo 36 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia que queda redactado como segue:

«O réxime do solo rústico de protección ordinaria ten por finalidade garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento urbanístico sostible. Estará sometido ao seguinte réxime:

1. Usos permitidos por licenza municipal:

Os relacionados no apartado 1, letras b) e c), e e) e no apartado 2, letras f) e i), do artigo 33 desta lei.

2. Usos autorizables pola Comunidade Autónoma:

O resto dos usos relacionados no artigo 33 desta lei, así como os que se poidan establecer a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, sempre que non impliquen a transformación urbanística do solo.

3. Usos prohibidos:

Todos os demais.»

2. Modifícase o artigo 37 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia que queda redactado como segue:

*«Artigo 37. Solos rústicos de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestruturas.*

*O réxime dos solos rústicos de protección agropecuaria e forestal ten por finalidade principal preservar os terreos de alta produtividade e garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento urbanístico sostible. O réxime do solo rústico de protección de infraestruturas, sen prexuízo do establecido na súa específica lexislación reguladora, ten por obxecto preservar as infraestruturas existentes ou de nova creación.*

*Estará sometido ao seguinte réxime:*

*1. Usos permitidos por licenza municipal:*



## XUNTA DE GALICIA

*Os relacionados no apartado 1, letras b), c), e no apartado 2, letras f) e i), do artigo 33 desta lei. Ademais no solo rústico de protección agropecuario e no de protección forestal, permitírase o relacionado no apartado 1, letra e).*

*En solo rústico de protección de infraestructuras, permitíranse as instalacións necesarias para a execución e funcionamento da correspondente infraestructura.*

### *2. Usos autorizables pola Comunidade Autónoma:*

*En solo rústico de protección agropecuaria, serán autorizables os usos relacionados no apartado 1, letras a) e d), e no apartado 2, letras a), b), d), e), h), j), k) e l), do artigo 33 desta lei, así como os que se poidan establecer a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, sempre que non impliquen a transformación urbanística dos terreos nin lesionen os valores obxecto de protección.*

*En solo rústico de protección forestal, poderán autorizarse os usos relacionados no apartado 1, letras a, e d), e no apartado 2, letras a), b), c), d), e), g), h), j), k) e l), do artigo 33, sempre que non impliquen a transformación urbanística do solo nin lesionen os valores obxecto de protección e os que se poidan establecer a través dos instrumentos de ordenación do territorio.*

*En solo rústico de protección de infraestructuras, unicamente serán autorizables os usos relacionados no apartado 1, letra a), e no apartado 2, letras d) e f), do artigo 33, así como os que se poidan establecer a través dos instrumentos de ordenación do territorio.*

### *3. Usos prohibidos:*

*Todos os demais, especialmente os usos residenciais e industriais.»*

3. Modifícase a Disposición transitoria décimo segunda da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia que queda redactado como segue:

"As explotacións mineiras, as actividades extractivas de recursos mineirais e os establecementos de beneficio que non comprendan edificacións vinculados ás actividades mineiras en activo no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, de 30 de decembro, localizadas en solo rústico especialmente protexido poderán continuar a súa actividade nos ámbitos para os que dispoñen de licenza urbanística municipal. Cando non contén coa preceptiva licenza, para continuar a súa actividade deberán obtela, logo da autorización da Consellería competente en materia de minas, oída a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia e o órgano competente en materia ambiental. A consellería competente en materia de minas valorará a compatibilidade ou non da explotación cos valores naturais, ambientais, paisaxísticos e de patrimonio cultural existentes ou coa súa vinculación a pactos ambientais.

A implantación de novas explotacións e actividades extractivas así coma a ampliación das existentes no solo rústico en que este permitido axustarase ó procedemento establecido pola Lei de Ordenación da Minería de Galicia para a súa autorización ou concesión."



XUNTA DE GALICIA

**Disposición derradeira terceira.- Aprobación das normas e planos previstos nesta lei**

A Xunta de Galicia aprobará no prazo dun ano as normas de desenvolvemento precisas para a aplicación desa Lei e o Plano da Minaría de Galicia.

**Disposición derradeira cuarta.-Desenvolvemento regulamentario**

1. Autorízase á Xunta de Galicia para dictar as disposicións de aplicación e desenvolvemento desta Lei.
2. Queda igualmente facultada a Xunta de Galicia para actualizar por Decreto a contía das sancións fixadas nesta lei.

**Disposición derradeira quinta.- Entrada en vigor**

A presente Lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Asdo.: José Luís Méndez Romeu  
Cónselleiro de Presidencia, Admóns.  
Públicas e Xustiza.



---

## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

---